



Viana do Bolo estrea unha sinalización turística interpretativa en 13 das súas parroquias

Os traballos, nos que se investiron 32.350 €, inclúe a edición de 3 folletos sobre a Vila histórica, a Mina romana das Borreas e un plano-guía sobre o conxunto do concello

O Concello de Viana do Bolo vén de estrear un novo proxecto de sinalización interpretativa do patrimonio cultural do concello. Os traballos, nos que o goberno local e a Secretaría de Turismo da Xunta de Galicia investiron 32.350 €, centráronse en trece parroquias do municipio¹, onde se instalaron placas interpretativas nos principais monumentos.

En concreto, ao longo do termo municipal instaláronse:

- **18 placas en aceiro nos principais monumentos²:** igrexas parroquiais, balneario de Bembribe e pazos brasonados (Umoso, Grixoa, Punxeiro...). Nelas inclúense unha descrición técnica, fotografías aéreas, debuxos orixinais e diferentes citas literarias e ensaísticas que persoeiros da cultura galega e local dedicaron a Viana e as súas parroquias: Otero Pedrayo, Álvaro Cunqueiro ou Manuel García Paz, entre outros.
- **5 planímetros culturais:** Mina das Borreas, Viana do Bolo (2), Grixoa e Santuario do Pai Eterno.

Folletos turísticos

Dentro do mesmo proxecto incluíuse o deseño e impresión de folletos turísticos sobre a Vila Histórica, a Mina Romana das Borreas e o municipio de Viana. Este último viu a luz en formato A2, mentres que os dous primeiros deseñáronse en formato A3.

Toda a información instalada é accesible en 3 idiomas (galego, castelán e inglés) por medio dunha aplicación informática gratuíta vinculada á páxina web do concello que é de fácil manexo. Esta app, á que se accede escaneando un código Bidi cun teléfono

¹ Pexeiros, Pradorramisquedo, Grixoa, San Martiño, Louzaregos, Bembribe, Umoso, Punxeiro, Fradelo, San Cibrao, Pradocabalos, Pinza e Solbeira.

² <https://www.vianadobolo.gal/turismo/directorio-bidi/gl/62>

móbil intelixente, inclúe tamén a **xeolocalización de todos os bens culturais**, así como un **sistema de narración de voz para persoas con discapacidade visual**.

Con estes traballos o goberno municipal pretende seguir poñendo en valor os seus recursos turísticos, facéndoos accesibles e comprensibles á veciñanza e ao público que nos visita ao longo de todo o ano, en particular durante o entroido e o verán.